

Á Mesa do Parlamento

Manuel Fraga Iribarne, Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

O pasado martes día 27 de setembro, o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no curso da comparecencia ante esta Cámara para expoñer as liñas de actuación da súa Consellería, afirmou que é intención da Xunta presentar unha proposta de reforma da Lei electoral vixente en Galicia.

Un dos principais obxectivos desta reforma sería, segundo palabras do sr. Conselleiro, establecer *“unha mellor proporción da atribución de escanos a cada circunscrición con respecto aos electores desa circunscrición”*, o que implicaría que as provincias interiores de Galicia terían unha menor representación en número de escanos no Parlamento de Galicia.

Resulta polo tanto sorprendente que un asunto de excepcional relevancia como é a modificación do réxime electoral da Comunidade Autónoma sexa anunciado como unha medida máis polo conselleiro na súa comparecencia, sen que o Presidente da Xunta se teña pronunciado ao respecto nesta Cámara.


**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 3 OUT. 2005


Núm.:

762

É por iso que presentamos a seguinte Pregunta para a súa oral en Pleno polo Presidente da Xunta:

¿En que termos rebaixará a representación parlamentaria das provincias de Lugo e Ourense a modificación da Lei electoral vixente anunciada nesta Cámara polo conselleiro da Presidencia?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2005



Asdo. Manuel Fraga Iribarne
Portavoz do Grupo Popular